

INSTRUCCIÓN DE 12 DE MAIO DA PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA AUTORIZAR O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS PORTUARIAS DEPORTIVAS COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA AOS ARMADORES DE EMBARCACIÓNS DE RECREO NA FASE 1

Galicia posúe máis de 13.000 amarres de embarcacións non profesionais, xerando unha actividade considerable en termos económicos e laborais na relación coas actividades da navegación e pesca de recreo. A súa reactivación e recuperación poden servir como elemento de xeración de riqueza en moitas áreas, especialmente naquelas zonas rurais non urbanas, cuxa dependencia do sector marítimo-pesqueiro acentuou o impacto económico das medidas promovidas para a minoración dos efectos da pandemia provocada polo Covid-19.

Neste sentido, moitos practicantes das actividades náuticas de recreo son profesionais vinculados ao sector marítimo-pesqueiro que posúen unha pequena embarcación coa que acostuman practicar a pesca recreativa en superficie e a navegación como forma deportiva de lecer, xeralmente en solitario. Este feito de imbricación popular da actividade queda constatado na porcentaxe de prazas de amarre dispostas para embarcacións de recreo de 8 metros de eslora ou menos, que supoñen o 80% do total das existentes en Galicia.

Conforme á Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, Orde TMA/400/2020, do 9 de maio, pola que se establecen as condicións para aplicar na fase I da desescalada en materia de mobilidade e fíxanse outros requisitos para garantir unha mobilidade segura, Artigo 7. Condicións para o exercicio da navegación de recreo ou deportiva e outras actividades aeronáuticas de recreo. e ás ACLARACIÓNS RELATIVAS ÁS CONDICIÓN PARA O EXERCICIO DA NAVEGACIÓN DE RECREO OU DEPORTIVA RECOLLIDAS NA ORDE TMA/400/2020, DO 9 DE MAIO, DURANTE AS FASES 0 E I emitidas polo Director Xeral de Mariña Mercante, redáctanse as seguintes instrucións para a operativa na FASE I en Galicia que establecen o acceso -con determinadas restricións- dos particulares ás súas embarcacións ben a través daquelas instalacións náuticas concesionadas e que prestan servizos específicos, ben a través de instalacións flotantes de xestión directa de Portos de Galicia. O obxectivo do acceso á embarcación é o seguinte:

- Visitas de inspección e seguridade ás embarcacións que permanecen a flote en portos. As inspeccións de seguridade non poden ser realizadas mediante meras supervisións externas e a falta delas podería levar a perdas de patrimonio, afundimento, incendio, danos ambientais... que poderían evitarse e que, de producirse, precisarían de servizos de emerxencia podendo comprometer ao persoal de mariñeiría dos portos e mesmo das forzas de seguridade ou protección civil.



- Visitas e estancias para mantemento básico de embarcacións situadas nas mariñas secas ou espazos destinados a varada: realizándose estas tarefas de forma individual en cada embarcación e garantíndose a adopción de medidas de prevención sanitaria e de seguridade laboral.
- Navegación nas condicións legais establecidas en cada momento.

Para o **ACCESO A PORTOS** establécense as seguintes medidas específicas que **complementan ás establecidas con carácter preventivo polas autoridades sanitarias** como son desprazamentos, garantía de distancia entre usuarios, emprego de EPIS e reprodución das normas específicas do uso da instalación en lugares visibles.

[1.] **Medidas organizativas dos portos deportivos:**

- a. Acceso planificado, ordenado ás embarcacións, impedindo a interacción entre os usuarios e garantindo sempre a distancia de seguridade. Para o seu adecuado cumprimento, establecerase un Calendario de Acceso, organizado por quendas, de forma que se alterne o acceso entre pantaláns e propietarios evitando permanencia de persoal en embarcacións contiguas ou enfrontadas. O acceso será directamente aos pantaláns, sen deterse, permanecendo nas instalacións o tempo imprescindible para a realización da inspección ou tarefa a realizar.

Este plan será definido e vixiado polos operadores dos clubs e mariñas en base á súa estrutura e situación e será informado aos usuarios por medios non presenciais.

No caso de instalación de xestión directa, as normas de acceso serán as seguintes:

- A estancia na embarcación será a mínima imprescindible para as labores de mantemento,
 - o acceso será individual e a embarcacións non sucesivas nin lonxitudinal nin transversalmente,
 - será preceptivo manter a distancia interpersonal mínima de 2 m en todo momento con especial atención durante o tránsito por pantaláns.
- b. O acceso só estará permitido en horario diúrno, salvo emerxencias Estará prohibido o acceso ás embarcacións durante as horas nocturnas, salvo que, por cuestión de confinamento, estean a residir na embarcación, ou emerxencias.
 - c. Obrigatoriedade de Acreditación da titularidade da embarcación: quen se desprace ata o porto base da embarcación, deberá dispoñer da documentación acreditativa de



que dita embarcación ten ese porto como base e é o armador ou propietario da mesma. De non ser armador ou propietario, deberá dispoñer dunha autorización nominal por escrito –xunto á identificación do propietario e copia da titularidade da embarcación- do mesmo autorizando dita visita, con constancia da data.

- d. Organización por quendas e acceso graduado do persoal portuario: na medida do posible, estableceranse grupos de traballo estancos, de forma que cada grupo estea formado sempre polos mesmos traballadores e non entren en contacto con membros doutros grupos. En cada empresa poderase adaptar esta medida de acordo cos seus sistemas de traballo.
- e. Xestión de espazos de oficinas e instalacións comúns: O acceso a estes espazos está supeditado á ventilación continua dos locais e ao mantemento da distancia de seguridade de dous metros entre as persoas que os ocupan ou na súa falta o uso de máscaras. Realizarase o acceso por quendas para garantir tal distancia.

De forma específica se establecerase:

- i. A desinfección de portas de entrada a pantaláns, varandas e pasamáns das ramplas, carros de transporte (se os houbese) tres veces ao día, unha á primeira hora, outra ao medio día e ao final do día, avisando aos usuarios da devandita desinfección.
- ii. Deberase limpar e desinfectar as torretas de servizo dos pantaláns como mínimo dúas veces ao día. Deberase usar as medidas de hixiene individual que con carácter xeral establezan as autoridades sanitarias para a manipulación de torres de subministración de auga ou enerxía eléctrica nos pantaláns ou peiraos, ou limpeza mediante desinfectante ao termo do uso, por parte dos usuarios.
- iii. Anulación do uso de enfriadores ou quentadores de auga de bebida que requiran achegar a boca ao medio de dispensación (billa ou outros).
- iv. Limpeza periódica e redobrada de espazos comúns ou utensilios de uso común como fotocopiadoras, teléfonos, computadores, etcétera
- v. As bolsas de residuos pecharanse e manipularán con luvas.
- vi. Non se poderá permanecer nas zonas comúns, que deberán permanecer pechadas, ata a fase 3.



- f. Prohibición da presenza dos usuarios no espazo portuario por calquera outra razón non vinculada ás tarefas de mantemento, coidado ou acceso ás embarcacións.

[2.] **Atención de atracada de embarcacións:** As instalacións náutico-deportivas adaptarán os seus procedementos para a asistencia con seguridade durante a entrada e saída dunha embarcación nun amarre onde se manterá en todo momento a distancia de seguridade entre usuarios e traballadores.

- a. As embarcacións que se atopen aproximándose á instalación deberanse poñer en contacto ben a través da radio (VHF) ou ben por teléfono. O usuario esperará a autorización do persoal da instalación para acceder ao amarre.
- b. Os mariñeiros asistirán ás embarcacións provistos de luvas de látex ou na súa falta nitrilo, de maneira que a manipulación de cabos e guías se faga con esta protección, así como dotados de máscara protectora ou pantalla de protección facial.
- c. Débese evitar o contacto próximo entre o persoal de mariñeiría e os clientes.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Presidenta de Portos de Galicia